



ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA PARA A SUPERVISIÓN DO ORGANISMO DE CONTROL DA DOP MEXILLÓN DE GALICIA/MEJILLÓN DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Mercedes Rodríguez Moreda, directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica ten formalizado coa Axencia Galega da Calidade Alimentaria (AGACAL) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 22 de xuño de 2020 ata o 21 de xuño de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre a Consellería do Mar e a Axencia Galega da Calidade Alimentaria para a supervisión do organismo de control da DOP Mexillón de Galicia/ Mejillón de Galicia en función do establecido no Regulamento(UE) 2017/625, para verificar o cumprimento dos obxectivos especificados no programa de control, e de maneira máis específica, nos procedementos documentados establecidos para esta figura de calidade.

As accións específicas que se van realizar derivadas deste obxecto son ás seguintes:

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria, tendo en conta o que establece o Programa nacional de control oficial da calidade diferenciada vinculada a unha orixe xeográfica e especialidades tradicionais garantidas antes da súa comercialización, realizará os traballos de supervisión do organismo de certificación. En concreto verifica si os controis oficiais:

1. se aplican dun xeito efectivo,
2. son axeitados para acadar os obxectivos especificados no programa de control,
3. e si se corresponden aos plans previstos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:





O Regulamento (UE) 2017/625 do Parlamento Europeo e do Consello de 15 de marzo de 2017, relativo aos controis e outras actividades oficiais realizadas para garantir a aplicación da lexislación sobre alimentos e pensos, e das normas sobre saúde e benestar dos animais, sanidade vexetal e produtos fitosanitarios, establece a obriga de implantar un sistema de controis oficiais integrados ao longo de toda a cadea alimentaria. Dita norma fai mención expresa ás medidas específicas para verificar o cumprimento, por parte dos operadores, dos requisitos que conteñen os correspondentes regulamentos comunitarios para a protección das indicacións xeográficas e das denominacións de orixe dos produtos agrícolas e alimenticios.

En correspondencia co anterior, o artigo 37 do Regulamento (UE) N° 1151/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de novembro de 2012, sobre os réximes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios, establece que as autoridades competentes deben realizar controis oficiais, antes da posta no mercado destes produtos, definidos como “verificación do cumprimento do prego de condicións”, ou delegar determinadas tarefas de control oficial en organismos de control independentes acreditados conforme á norma UNE-EN ISO/IEC 17065:2012.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela,

